

INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para superar cada unha das avaliacións con cualificación positiva, o alumnado deberá obter unha puntuación mínima do 45% en cada unha das probas.

Ponderación dos distintos procedementos de cualificación:

. 70%: probas específicas de cada avaliación (unha como mínimo en cada trimestre) nas que as tarefas que deberá executar o alumno esixan a utilización dos contidos e dos procedementos aprendidos, ademais dun nivel de expresión correcto e axeitado (coherencia, cohesión e adecuación) tanto escrito coma oral; nas probas figurará a puntuación debidamente indicada.

.10%: lecturas obrigatorias, que se valorarán a través de probas específicas (unha por cada libro de lectura).

A realización de lecturas e traballos de carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final.

.10%: valoración da práctica e competencia oral.

.10%: valoración do proceso de aprendizaxe do alumno/a a través da observación e do rexistro das tarefas diarias e traballos.

Unha vez aplicados os criterios de cualificación, procédese ao cálculo da media da avaliación que dará como resultado a nota numérica correspondente expresada en números enteiros, agás no caso de que a/o alumna/o non acade o 45% na cualificación das probas específicas. É dicir, non se terá en conta a cualificación das probas específicas se o alumno non consegue superar o 45% das mesmas.

Sempre que a profesora o considere conveniente, haberá unha recuperación ao finalizar cada avaliación.

O alumno e alumna que non acade o 4,5 nunha avaliación deberá presentarse a un exame escrito na parte correspondente da avaliación final semellante ós realizados ó longo do curso.

CUALIFICACIÓN ORDINARIA

Para o cálculo da cualificación ordinaria da materia, de ter as tres avaliacións aprobadas, farase a media aritmética das notas medias das tres avaliacións.

CUALIFICACIÓN DAS LECTURAS VOLUNTARIAS:

O alumnado ten a posibilidade de subir a nota da avaliación mediante a lectura (superada a proba correspondente) de ata tres libros de lectura seleccionados pola profesora, cada un deles puntuado con +0,5, cun máximo de 1,5 puntos por avaliación. Só se sumará á media da avaliación sempre que esta sexa positiva, en ningún caso servirá para aprobar a materia suspensa.

Extraordinariamente, premiarase a participación do alumnado en actividades de normalización e dinamización lingüística cun máximo de un punto por avaliación.

Ademais dos contidos, en todas as probas e traballos, valorarase a expresión consonte estes parámetros: adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado e propósito claro), coherencia

(información precisa, estrutura clara e parágrafos ben organizados), cohesión (uso axeitado da puntuación e enlaces, emprego adecuados de pronomes anafóricos), corrección gramatical (ortografía, sintáctica e léxica) e variación (sintaxe, riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos).

Só serán aceptadas as solucións ortográficas marcadas polas vixentes Normas do 2003.

O máximo que se poderá descontar sobre a cualificación global de cada proba ou traballo será de 2 puntos, agás no caso das probas de lectura nas que se descontará ata o 50 % da nota do exame. Descontaranse 0,1 puntos por cada erro.

A superación dos controis e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, chuletas (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un 0 na cualificación do mesmo, sen dereito á repetición, o que suporá a nota suspensa nesa avaliación. O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

Nos controis escritos especificarase o valor numérico que se lle outorga a cada pregunta e no proceso de corrección, marcarase no exame a puntuación que o profesorado estime adecuada. O exame será amosado ao alumnado convenientemente corrixido e anotado, con eses valores numéricos visibles e intelixibles. Tamén se lle darán as pertinentes aclaracións a calquera dúbida que poidan ter sobre a corrección das súas probas.

Se un alumno non se presenta a un exame ou parcial, só terá dereito á repetición achegando un xustificante oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.

En calquera momento do curso o profesorado poderá solicitar ao alumnado o caderno da materia, nel as tarefas teñen que estar datadas e coa sinalización da páxina e número de exercicio correspondente. No caso de utilizar folios, estes teñen que estar ademais numerados desde principio de curso. Se o alumno ou alumna non presenta o caderno ou os folios cando llelos demande a profesora, perde a puntuación deste apartado.

O profesorado tomará nota das tarefas e deberes realizados polo alumnado ao longo da avaliación no seu caderno de cualificacións e incidencias. Cada tarefa diaria non realizada por un alumno ou alumna implicará a obtención dun negativo que restará 0,1 puntos da nota deste apartado.

Falar nun rexistro inadecuado na clase ou noutro idioma alleo a esta materia, expresarse inapropiadamente ou con dubidosa educación, respecto ao profesorado ou compañeiros, considerarase unha falta de corrección lingüística que será penalizada cun negativo.